

# INSTRUCCIÓN



IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓN  
PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS  
DOCUMENTADOS  
TRANSMISIÓN DE DETERMINADOS MEDIOS  
DE TRANSPORTE USADOS

Modelo  
**620**  
EUROS

## I. CUESTIÓN XERAIS

### CÁNDO SE UTILIZARÁ O MODELO 620?

O presente impreso, modelo 620, será de uso para todas as autoliquidacións que se realicen pola transmisión de vehículos, barcos ou aeronaves usados.

**Usarase un só impreso por cada medio de transporte transmitido.**

### UTILIZACIÓN DO MODELO 620 EN EUROS

Todas as cantidades expresables en unidades monetarias deberán indicarse en euros, consignando na parte esquerda dos recadros a parte enteira e na dereita a parte decimal, redondeándose por exceso ou por defecto ao céntimo máis próximo.

### INGRESO E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ESIXIDA

Os suxeitos pasivos deberán ingresar o importe da autoliquidación en calquera das entidades colaboradoras autorizadas. Ingresado o importe da autoliquidación, esta presentarse na oficina xestora xunto co orixinal e copia simple do documento no que conste ou se relacione o acto ou contrato que orixe o tributo, así como do permiso de circulación e a ficha técnica cando se trate de vehículos usados. Tratándose de embarcacións ou aeronaves usadas, deberán achegar, xunto co documento orixinal e a súa copia, as follas de características técnicas destas.

Nos supostos nos que a operación, acto ou contrato, estea exenta, non suxeita ou teña algún beneficio fiscal, deberá cubrir o impreso, incluídos os recadros (3), (6), (7), (8), (9), (10), (11), (12) e (13). Tanto nos supostos de exención coma de non suxeición ao imposto, este modelo, debidamente cuberto, presentarse, xunto co documento orixinal e a súa copia e os demais xustificantes indicados no parágrafo anterior, na oficina xestora competente, para os efectos previstos no artigo 107 do regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto 828/1995, do 29 de maio (Boletín Oficial del Estado do 22 de xuño).

### LUGAR DE PRESENTACIÓN DO MODELO 620

A autoliquidación presentarse en calquera das oficinas da Axencia Tributaria de Galicia cando o rendemento do imposto corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coas seguintes regras que se enumeran pola orde da súa aplicación preferente:

- Cando o acto ou documento comprenda a transmisión de vehículos usados, na Comunidade Autónoma onde o adquirente teña a súa residencia habitual se é persoa física ou o seu domicilio fiscal se é persoa xurídica.
- Cando comprenda a transmisión de buques ou aeronaves, na Comunidade autónoma en cuxa circunscrición radique o rexistro no que tales actos deban ser inscritos.

Se nun mesmo documento se conteñen actos ou contratos nos que o rendemento, segundo as regras anteriores, se considere producido en comunidades autónomas diferentes, procederá a presentación da autoliquidación na oficina competente de cada unha delas, se ben a autoliquidación que se formule só se referirá ao rendemento producido no seu respectivo territorio.

### PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación das autoliquidacións, xunto cos documentos, será de 30 días hábiles seguintes a aquel no que se realizara o contrato de compravenda.

## II. NORMAS PARA CUBRIR O MODELO

Cúbrase a máquina ou utilizando bolígrafo, sobre superficie dura e con letras maiúsculas.

- Consigne a Delegación da Axencia Tributaria de Galicia, e, no seu caso, a oficina liquidadora de distrito hipotecario competentes, así como os seus respectivos códigos.
- Suxeito pasivo. Cubra os datos de identificación do suxeito pasivo e xunte fotocopia do NIF ou do DNI. Será suxeito pasivo nas transmisións de bens o que os adquire.
- Marque cunha «X» o recadro que corresponda ao medio de transporte usado, obxecto da transmisión.
- Consignarase a data de transmisión do medio de transporte usado. A devandita data será a do día no que se realice o acto ou contrato gravado.  
Para iso, utilizaranse dous díxitos para o día, dous para o mes e os catro últimos para o ano.
- Transmitente. Cubra os datos de identificación do transmitente e xunte fotocopia do NIF ou do DNI.
- (6), (7) e (8) Cubra os datos relativos a «Ano de fabricación», «Data de matriculación» e «Número de matrícula».

Dos puntos (9), (10) y (11) seguintes cubra exclusivamente o que corresponda ao tipo de medio de transporte obxecto da transmisión.

- Características técnicas do vehículo.  
Cubra os datos solicitados neste punto cando se trate de compravenda dun vehículo usado.  
A potencia fiscal indícarase con dous decimais.  
Marque cunha «X» a opción que corresponda, segundo se trate de motor de gasolina ou diesel.  
(Estes datos están recollidos no permiso de circulación e na ficha técnica do vehículo).

- (10) Características técnicas da embarcación.  
Cubra os datos solicitados neste punto cando se trate de compravenda dunha embarcación usada.  
(Estes datos están recollidos na folia de características da embarcación).
- (11) Características técnicas da aeronave.  
Cubra os datos solicitados neste punto cando se trate de compravenda dunha aeronave usada.  
(Estes datos figuran nas follas de características da aeronave).
- (12) Consigne o valor en euros que figura no documento.
- (13) Consigne o código seguro de verificación e o valor de referencia que consta na valoración obtida na web [www.atriga.gal](http://www.atriga.gal) pola aplicación das táboas de valores aprobadas polo Ministerio de Hacienda.
- (14) Consignarase o valor real en euros do medio de transporte.

## AUTOLIQUIDACIÓN

- (15) Marque cunha «X» o recadro de «EXENTO» ou «NON SUXEITO» que, de ser o caso, proceda.
- (16) Indique en que punto e subpunto do artigo 45 do Texto Refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro (Boletín Oficial del Estado do 20 de outubro) se fundamenta o beneficio fiscal da exención ou non suxeición. Cando o devandito beneficio fiscal estea fundamentado en calquera outra norma, especifique ésta así como o precepto concreto no que se encontra recollido.
- (17) Se a liquidación é complementaria doutra xa presentada deberá marcar cunha «X» o recadro correspondente e indicar o número da primeira liquidación, a data da súa presentación e o importe ingresado.
- [1] Consignarase o valor real do medio de transporte. Éste virá determinado polo valor que consta no contrato coma contraprestación, salvo que o valor real do ben sexa superior. Para iso, a Administración Tributaria utiliza as táboas de valores aprobadas polo Ministerio de Hacienda. Polo tanto poden darse varias posibilidades:
1. Que o valor que consta no contrato sexa superior ao valor das táboas de valores, e entón a base imponible será o valor do contrato.
  2. Que o valor que consta no contrato sexa inferior ao valor das táboas de valores, e entón a base imponible estará constituída polo valor atribuído nas táboas a dito ben.
  3. Que non exista valor nas táboas para o ben en cuestión, neste caso aplicarase o valor que consta no contrato.
- As táboas de valores que aproba o Ministerio de Hacienda poden ser consultadas nas oficinas xestoras e na páxina web da Axencia Tributaria de Galicia ([www.atriga.gal](http://www.atriga.gal)) a través dunha ferramenta accesible para os obrigados tributarios na OV Tributaria. A Administración poderá comprobar o valor dos vehículos.
- [2] Consignar o tipo de gravame vixente, que é:
- 8%, na modalidade de transmisión de bens mobles e semoventes, así como a constitución e cesión de dereitos reais sobre os mesmos, excepto os dereitos reais de garantía.  
Se a transmisión é dun automóbil turismo ou todoterreo, cun uso igual ou superior a quince anos e de cilindrada igual ou menor a 1.599 centímetros cúbicos non cubra os recadros [1] e [2] e cubra directamente o recadro [3] como se indica nese apartado.
  - 1% na modalidade de transmisións de embarcacións de lecer e motores mariños.
- [3] Consignarase o resultado de aplicar o tipo indicado no recadro [2] ao importe do recadro [1].  
Se a transmisión é dun automóbil turismo ou todoterreo, cun uso igual ou superior a quince anos a cota tributaria será a seguinte.

Cilindrada do vehículo (centímetros cúbicos)	Cota tributaria (euros)
Ata 1.199	22
De 1.200 a 1.599	38

Consignarase a cota tributaria no recadro [3].

- [4] Recadro dispoñible. Se a declaración que está cubrindo é complementaria doutra, indícase no recadro [4] o importe ingresado na 1.<sup>a</sup> declaración e diante desta «1.<sup>a</sup> declaración». Nesta casíña vostede poderá consignar a recarga prevista no artigo 27 da Lei xeral tributaria para o caso de declaración extemporánea (a presentada fora de prazo). Se a presentación da autoliquidación se efectúa dentro dos 3, 6 ou 12 meses seguintes ao fin do prazo establecido para a presentación e ingreso, a recarga será do 5%, 10% ou 15%, respectivamente. Se a presentación da autoliquidación se efectúa unha vez transcorridos 12 meses dende o fin do prazo establecido para a presentación, a recarga será do 20%. O importe da recarga reducirase no 25% sempre que se realice o ingreso total do importe restante da recarga no prazo do apartado 2 do artigo 62 da Lei xeral tributaria (segundo o previsto no artigo 27.5 da mesma Lei).
- [5] Total a ingresar. Consignarase o resultado de sumar o recadro [3], (minorado no seu caso, na contía do recadro [4]) e o recadro [R].
- [ I ] Importe ingresado. Consignarase o importe efectivamente ingresado.  
Se solicita aprazamento/fraccionamento marque cunha "X" o recadro que consta no apartado ingreso da autoliquidación. Neste caso deberá presentar solicitude de aprazamento/fraccionamento na oficina competente dentro do prazo de presentación do imposto. En caso contrario iniciarase o procedemento de construximento.
- (18) Representante do documento. Se cubre o apartado do representante deberá aportar no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento de dita representación. Dispón dun modelo na páxina web [www.atriga.gal](http://www.atriga.gal)  
Cubra os datos de identificación do presentador e xunte fotocopia do NIF ou do DNI.  
**O DOCUMENTO DEBERÁ IR FIRMADO POLO SUXEITO PASIVO OU POLO SEU REPRESENTANTE.**

## DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS E RECTIFICACIÓN DE AUTOLIQUIDACIÓNS

Cando un obrigado tributario entenda que unha autoliquidación formulada por el prexudicase de calquera modo os seus intereses legítimos ou dese lugar á realización dun ingreso indebido, poderá, de conformidade co artigo 120 da Lei xeral tributaria, rectificar a autoliquidación e, no seu caso, instar a restitución do indebidamente ingresado de acordo co artigo 221 da mesma lei. As solicitudes de rectificación poderán facerse unha vez presentada a correspondente autoliquidación e antes de ter practicada a Administración a liquidación definitiva ou, no seu defecto, de prescribir o dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación como, se é o caso, o dereito á devolución do ingreso indebido e tramitarse de acordo co artigo 126 e seguintes do Real Decreto 1065/2007, polo que se aproba o regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos tributos.

SUXEITO PASIVO (1)	NIF		APELIDOS E NOME	
	DOMICILIO FISCAL		RUA O PRAZA	NÚMERO
	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE FACENDA**



**Axencia Tributaria**  
**de Galicia**

MODELO **620** €

**IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS  
 PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS  
 DOCUMENTADOS**

COMPRAVENDA DE DETERMINADOS  
 MEDIOS DE TRANSPORTE USADO ENTRE  
 PARTICULARES

DELEGACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA  
 DE GALICIA DE

--	--	--	--	--

OFICINA LIQUIDADORA DE DISTRITO HIPOTECARIO

--	--	--	--	--

**NON SE ESQUEZA DE INCLUIR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

- a) Fotocopia do NIF do suxeito pasivo e transmitente (no seu defecto do DNI).
- b) Copia auténtica do documento notarial, xudicial ou administrativo no que conste o acto ou contrato gravado e copia simple deste. No caso de que se trate de documentos privados, estes presentaranse por duplicado (orixinal e copia).
- c) Modelo 620.
- d) Fotocopia do permiso de circulación e da ficha técnica.
- e) Se cobre a epígrafe do representante deberá achegar no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento de dita representación.

